

ES CONECTA:

Aceleradora de proxectos de economía social

Bases da convocatoria pública

Contido

1	O proxecto LACES	2
2	Aceleradora de proxectos emprendedores de economía social: “ES CONECTA: aceleradora de economía social”	4
3	Como funciona ES CONECTA.....	7
4	Bases de participación en ES CONECTA	13
	Información xeral.....	13
	Criterios de elixibilidade	13
	Incompatibilidades.....	15
	Tratamento de información e protección de datos.....	16
	Comunicacións.....	16
	Reclamacións.....	17
5	CONVOCATORIA.....	18
	Inscripción.....	18
	Contido da candidatura en liña	18
	Valoración de candidaturas	18
	Selección de participantes.....	19
	Duración do programa.....	19
	Localización	20

1 O proxecto LACES

O proxecto europeo POCTEP de cooperación transfronteiriza denominado Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social, LACES, ten como fin último contribuír ao fomento e á consolidación da economía social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para conseguir un salto cuantitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego.

O devandito obxectivo pretende conseguirse a través da execución de programas piloto encamiñados a mellorar a competitividade e darlles impulso ás empresas de economía social no espazo transfronteirizo. Así mesmo, o proxecto LACES actuará como fonte de coñecemento e innovación para lograr modernizar as estratexias de promoción e apoio a esta economía solidaria e colaborativa, favorecendo a consolidación e a creación de empresas e o emprego de calidade na Eurorrexión.

LACES é un proxecto cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

SOCIOS DO PROXECTO LACES

A Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia lidera o partenariado do proxecto LACES, que está integrado ademais pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Tecminho, a Associação Centro de Incubação Base Tecnológica do Minho (In.cubo), a Câmara Municipal de Santo Tirso, e as asociacións de economía social de Galicia EspazoCoop-Unión de Cooperativas Galegas, Asociación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal) e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (Agaca).



SERVIZOS DO PROXECTO LACES

Laces proxecta un conxunto de servizos agrupados en **catro laboratorios piloto** orientados a poñer en marcha novas estratexias de promoción e apoio á economía social nos sectores emerxentes e a modernizar os máis tradicionais para favorecer a consolidación e a creación de empresas e de emprego de calidade na Eurorrexión.



Laboratorios para a identificación de oportunidades de negocio

- + Unidade de identificación de oportunidades de negocio en economía social vinculadas aos sectores emerxentes ou á explotación de recursos endóxenos do espazo transfronteirizo, incluíndo o sector primario.
- + Redacción de axendas sectoriais para o fomento da creación e a consolidación de empresas de economía social en sectores emerxentes.
- + Unidade de recursos interactivos para o deseño e a maduración de oportunidades de negocio.



Laboratorios de creatividade e comunicación da economía social

- + Cata de ideas empresariais de economía social
- + Foros de economía social
- + Economía Social Net (ESN)



Laboratorios para a creación e a consolidación de empresas de economía social

- + Aceleradora de economía social
- + Creación de espazos de emprendemento pop up
- + Programa de apoio a empresas: "Transfórmate e Crece"
- + Bonos de servizos a empresas de economía social



Laboratorios para o reforzo e a mellora da capacitación do talento humano

- + Programa de mobilidade: "Estadías transfronteirizas para profesionais"
- + Axudas directivas transfronteirizas
- + Academia de talento de economía social

2 Aceleradora de proxectos emprendedores de economía social: “ES CONECTA: aceleradora de economía social”

ES CONECTA é unha aceleradora de economía social que se estrutura nun programa de alto rendemento, duns catro meses de duración, que combina, baixo a supervisión dun equipo de especialistas, un conxunto de accións baseadas na formación, a titorización, o *coaching*, a mentorización e o apoio no acceso a financiamento externo, orientadas a reducir os tempos de posta en marcha e consolidación de proxectos empresariais de economía social, o que garante a viabilidade destes e minimiza os riscos inherentes nos devanditos procesos.

Entre os obxectivos máis xerais poderíanse citar os seguintes:

- Fomentar o emprendemento a través da mellora dos coñecementos e experiencias.
- Garantir o éxito do desenvolvemento das actividades.
- Avaliar, medir e formar as persoas emprendedoras.
- Identificar sinerxías de proxectos e fomentar o *networking*.
- Fomentar o ecosistema emprendedor.

Unha aceleradora especializada en economía social

A diferenza das aceleradoras convencionais, que buscan acelerar *start-ups* centrándose en construír modelos de negocio escalables e invertibles, *ES CONECTA* adáptase, ademais, ás necesidades dos proxectos de economía social e ten en conta as peculiaridades propias destes proxectos, como poden ser as seguintes:

1. Máis alá da orientación á obtención de beneficios, os proxectos de economía social buscan un impacto na vida das persoas e na sociedade.
2. O equipo humano que conforma os proxectos de economía social constitúe o “core” do modelo de negocio e esencia deste tipo de proxectos.
3. A procura de financiamento debe ter en conta as necesidades específicas para os distintos tramos de desenvolvemento e tipos de iniciativas.
4. Cómpre trasladar o impacto positivo que teñen os proxectos de economía social ao conxunto da economía e a sociedade.
5. Son proxectos enfocados de forma local, aínda que poden pensar globalmente.
6. Teñen unha clara visión orientada á creación e á participación en redes de cooperación.

Para iso, como **obxectivos específicos** de *ES CONECTA*, propónse impulsar o desenvolvemento e o crecemento de empresas de recente creación traballando na consecución dos seguintes fitos:

- Proba de concepto
- Produto mínimo viable



- Lanzamento ao mercado do proxecto
- Procura de financiamento responsable
- Acceso a redes de cooperación: conectividade e *networking*
- Impacto ou alcance na comunidade
- Consolidación do equipo humano como “motor” dos proxectos de economía social e como centro do modelo de negocio

En concreto, identifícanse a partir desta información os seguintes obxectivos, categorizados en tres niveis distintos e centrados na importancia das persoas, que representan o *core* de todo proxecto de economía social.

- Persoas:
 - Formar líderes e emprendedores, dotándoos de coñecementos, competencias e habilidades para dirixir un negocio de economía social.
 - Avaliar en función das habilidades persoais e as competencias en liderado, comunicación, traballo en equipo, negociación e creatividade dos promotores participantes no *Startup Day*.
 - Fomentar as capacidades de reflexión da persoa emprendedora en diferentes ámbitos que lle permitan a definición dun modelo de negocio solvente.
- Equipo:
 - Medir o grao de complementariedade e o carácter multidisciplinar.
 - Avaliar o grao de compromiso e dedicación do equipo.
 - Fomentar e apoiar a solidez do equipo.
 - Identificar carencias no equipo de traballo.
- Proxecto:
 - Valorar a adecuación do proxecto en termos de innovación, acerabilidade e sustentabilidade.
 - Favorecer o proceso de creación e maduración da empresa mediante unha formación práctica, titorización personalizada e mentorización adecuada a cada proxecto, á fase na que se encontre e tendo en conta os compoñentes do equipo.
 - Aumentar as garantías de éxito dos negocios emprendedores.

Unha aceleradora multisectorial

ES CONECTA ten un claro carácter multisectorial debido, entre outros, aos seguintes motivos:

1. Favorece un ecosistema de emprendemento en economía social.
2. Facilita a creación de redes de cooperación entre proxectos de diversas temáticas e sectores.
3. Permite compartir experiencias en diferentes procesos que afectan á creación e á consolidación de modelos de negocio.
4. Comparte recursos e procedementos que poden ser adaptables a diferentes modelos de negocio de distintos sectores.
5. Debido á condición transfronteiriza da aceleradora, o carácter multisectorial desta permitirá o intercambio de coñecementos e a creación de alianzas entre países, sectores e empresas.
6. Axuda a identificar ideas innovadoras que poden ser facilmente reproducibles noutros sectores.

Enfoque transfronteirizo

O carácter transfronteirizo de LACES, ao tratarse dun proxecto que se desenvolve no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, configura unha aceleradora con carácter internacional que impulsa proxectos de economía social procedentes da Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal.

Este enfoque permite lograr numerosos beneficios para os proxectos que se aceleren, como poden ser os seguintes:

- Posibilidade de intercambio de experiencias entre persoas emprendedoras.
- Exposición á evolución do emprendemento noutros países.
- Ideas de innovación facilmente reproducibles.
- Facilitade nas alianzas entre países, sectores e empresas.


Así mesmo, ES CONECTA forma parte dunha rede de seis aceleradoras ao longo do espazo transfronteirizo, o que favorece a conectividade e o *networking* dos proxectos acelerados de Galicia e o norte de Portugal no proxecto LACES.

3 Como funciona ES CONECTA

ES CONECTA é unha aceleradora de proxectos de economía social orientada a reducir os tempos de posta en marcha destes e a dotalos das competencias que favorezan o seu salto de escala e a súa consolidación, o que garante a súa viabilidade e minimiza os riscos inherentes aos devanditos procesos.

Para iso, deseñouse un conxunto de actividades clasificadas en diferentes fases que están orientadas a que os proxectos de economía social melloren a súa competitividade:

- **Fase 1:** Estratexia
- **Fase 2:** Aceleración
- **Fase 3:** Acceso a financiamento



FASE 1 Estrategia	<p>Academia de emprendemento de economía social</p> <ul style="list-style-type: none"> • Programa de formación grupal e individual en modalidade presencial e en liña <p>Deseño de programa específico de definición estratéxica para cada proxecto en función das súas necesidades</p>
FASE 2 Aceleración	<p>Servizos para a mellora de competencias</p> <ul style="list-style-type: none"> • Servizos de información e vixilancia competitiva sobre os aspectos que favorezan un salto de escala dos proxectos • Sesións de <i>coaching</i> - <i>networking</i> • Sesións de <i>mentoring</i> - titorización • Servizos adicionais de acompañamento especializado
FASE 3 Acceso a financiamento	<p>Programa de acceso a financiamento</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación de fontes de financiamento e axudas • Obradoiros de simulación e negociación financeira • <i>Networking</i> con axentes do sistema galego de financiamento do emprendemento e a innovación • Foro de financiamento responsable

As fases de estratexia, aceleración e acceso a financiamento consistirán na articulación de diferentes actividades enfocadas a potenciar proxectos empresariais de economía social altamente innovadores e adaptables á nova tipoloxía de mercado. Neste sentido os proxectos de economía social e os seus modelos de negocio deben enriquecerse e evolucionar segundo avancen as distintas etapas da aceleradora, como elemento fundamental do proceso de aceleración.

Fase de estratexia e aceleración

A aceleradora iniciárase co **deseño dun programa específico de definición estratéxica articulado polo mentor ou mentora** que se asigne a cada proxecto e que se defina en función das súas necesidades.

Este programa específico contará con accións de formación individuais e grupais, tanto presenciais como en liña, e sesións de titorización e/ou mentorización individualizadas para cada proxecto.

ESTRATEGIA E ACELERACIÓN



SESIÓNS DE PREACELERACIÓN

Sesións preaceleradoras definidas en tres ámbitos concretos: conceptual, práctica e *pitch*



MENTORING – TUTORIZACIÓN

Un equipo de mentorización ao servizo da aceleradora a través do cal se crearán “equipos de mentores/as especiais” por proxecto que acompañarán durante toda a fase de aceleración



COACHING – NETWORKING

Accións de dobre tipo, desde reunións de persoas emprendedoras para intercambio de experiencias a mesas redondas articuladas a través de charlas de especialistas en distintas áreas



FORMACIÓN

Definiuse un programa de sesións de aceleración sobre os aspectos clave no desenvolvemento e a validación dunha empresa, orientándoos de maneira específica e dotándoos de valor sobre outras propostas



A metodoloxía de ES CONECTA combina, por tanto, formación, tutorización/mentorización e *networking/coaching* mediante as seguintes accións que terán unha duración no seu conxunto dun mínimo de 60 horas:

- **Sesións de preaceleración.** O enfoque diferenciador destas sesións é que se orientan como preaceleradoras, de maneira que, antes de traballar directamente coas especificidades propias dos proxectos da aceleradora, se introduce os promotores nas metodoloxías que se utilizarán para que se familiaricen con conceptos, fins que se perseguen con elas e claves que garantan o éxito dos proxectos de economía social, entre outros factores.

Estas sesións terán un enfoque baseado nos seguintes ámbitos: conceptual, práctica e *pitch*.

- **Conceptual:** destinadas a afianzar, aclarar e ampliar os coñecementos de base necesarios para unha correcta definición dos proxectos.
 - **Práctica:** sesións de aplicación conceptual sobre casos prácticos, o que permite traballar conceptos a través de ferramentas áxiles que axudan a interiorizalos.
 - **Pitch:** a exposición como elemento de comunicación, negociación e defensa dun modelo de negocio.
-
- **Sesións de aceleración:** definirase un programa de sesións de aceleración sobre os aspectos clave no desenvolvemento e a validación dunha empresa de economía social, orientándoos de maneira específica ao mercado obxectivo establecido e dotándoos de valor fronte á competencia. Esta actividade está enfocada a:
 - O equipo dun proxecto de economía social
 - Comunicación, negociación e defensa (*pitch*) do modelo de negocio
 - Análise da proposta de valor e do modelo de negocio seguindo a metodoloxía *Lean Startup* de economía social
 - Definición do produto mínimo viable (MVP) e o desenvolvemento da clientela
 - Orientación ao mercado online e offline
 - Planificación económico-financeira
 - Aspectos xurídicos e marco legal

Tipoloxía de sesións:

- **Titorías e mentorización:** desenvolvemento de sesións individuais coas persoas emprendedoras nas que, con axuda dun titor ou titora (específico para cada proxecto) e o equipo especial de mentorización (en función das características e necesidades do proxecto), se asesorará a estas en cuestións



específicas do seu negocio (definición do modelo/estratexia, procura de financiamento, presentacións a investidores, desenvolvemento de produtos/servizos, marketing dixital, definición de produto etc.).

- **Sesións experienciais e *coaching* grupal:** desenvolveranse accións de dous tipo: reunións de persoas emprendedoras para intercambio de experiencias e mesas redondas articuladas a través de charlas de especialistas en distintas áreas (*coaching* grupal). Este enfoque enriquece a parte formativa e práctica de preaceleración con diferentes perspectivas e facendo tanxible a realidade.

- **Programa formativo:** a aceleradora ES CONECTA impulsará un programa formativo en formato presencial que permita abordar de maneira práctica, como mínimo, os seguintes aspectos críticos para un proxecto de economía social:
 - Metodoloxía para a avaliación do modelo de negocio de economía social: posta de valor social e de mercado.
 - Deseño e desenvolvemento de produto ou servizo acorde co modelo de negocio deseñado.
 - Deseño e desenvolvemento dunha estratexia de marketing e comercialización para asegurar a captación de clientela.
 - Determinación da estrutura organizativa e tecnolóxica necesarias para impulsar o proxecto. Importancia do equipo humano en entidades de economía social. Aspectos sociais clave para o funcionamento da entidade.
 - Plan económico-financeiro da nova empresa ou entidade.
 - Aspectos xurídicos e legais das fórmulas de economía social.
 - Incorporación e posta en valor da dimensión da economía social no modelo de negocio.
 - Comunicación e defensa do modelo de negocio deseñado. Presentacións eficaces e persuasivas en termos de negociación.
 - Habilidades sociais básicas para realizar unha boa xestión empresarial.

Fase de acceso a financiamento

As actividades previstas na fase de acceso a financiamento van desde preparar os proxectos para o foro de investimento e financiamento, que terá lugar ao finalizar a aceleradora, ata sesións de *networking* financeiro ou adaptación dos proxectos para obter financiamento mediante outras vías: axudas ou plataformas de *crowdfunding*, entre outras.

ACCESO AO FINANCIAMENTO

ACTIVIDADES PREPARATORIAS



Formación, titorización e experiencias

ACTIVIDADES DE ENSAIO



***Pitch* de ensaio**

EVENTO E OUTRAS ACTIVIDADES



Celebración do foro de investimento e financiamento

Networking financeiro

CROWDFUNDING



Preparación dos proxectos para plataformas *crowdfunding*

Formación e titorización

Desenvolverase unha pequena academia de investimento e financiamento responsable na que se dará apoio técnico e na que se realizará un seguimento dos proxectos seleccionados co obxectivo de preparalos para conseguir unha boa defensa e venda destes no foro de investimento e financiamento.

Pitch de ensaio

Tras a celebración das anteriores sesións formativas e preparatorias, programarase unha sesión de presentación pública para ensaiar a presentación e o *pitch* final ante financiadores e investidores.

Está prevista unha sesión cuxa metodoloxía se orienta nun dobre sentido: por un lado, valorar o grao de atractivo da exposición, solidez do proxecto e do equipo, e por outro, fomentar o *networking* entre participantes.

Celebración do evento

Organizarase un evento, denominado Foro de financiamento e investimento responsable, que estará estruturado en dous bloques:

BLOQUE I: Rolda de presentacións

Cada proxecto contará con entre 6 e 7 minutos para realizar a presentación ante as entidades de financiamento e investimento invitadas.

BLOQUE 2: Sesións de *networking*

Unha vez finalizadas as presentacións dos proxectos, deseñárase un espazo de *networking*–café no que as persoas participantes poderán intercambiar coñecementos cos membros do panel de financiamento e investimento.

***Crowdfunding* e outras axudas**

Moitos dos proxectos de economía social poden non necesitar de gran financiamento ou non obter financiamento do foro. É por iso que se realizarán traballos de titorización orientados a adaptalos para a procura de financiamento alternativo: plataformas *crowdfunding* ou outras axudas que encaixen coas necesidades das persoas participantes.

4 Bases de participación en ES CONECTA

Información xeral

Estas bases teñen como obxecto establecer as normas de participación na aceleradora de proxectos de economía social ES CONECTA que convoca a Secretaría Xeral de Emprego no marco do proxecto LACES.

A participación no programa rexeráse polas condicións que se especifican a continuación e que inclúen os criterios de elixibilidade para participar, os criterios de selección para designar as persoas participantes, o contido das propostas e outras condicións.

Os prazos e as datas definitivos publicaranse na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: www.ceei.xunta.gal, no apartado de Recursos-Iniciativas

Criterios de elixibilidade

Persoas destinatarias

O programa está aberto a catro grandes grupos de destinatarios identificados na Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal que queiran desenvolver un proxecto de economía social:

- Persoas emprendedoras da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal interesadas en crear e impulsar os seus proxectos empresariais de economía social.
- Proxectos de economía social promovidos por empresas do territorio transfronteirizo xa creadas e en fase de consolidación que queiran acelerar os seus proxectos ou alcanzar un salto de escala mediante novos produtos, novas liñas de negocio, suevos procesos de xestión...
- Empresas de Galicia e do norte de Portugal baixo outras fórmulas xurídicas propiedade de entidades de economía social.
- Outras empresas de Galicia e do norte de Portugal constituídas baixo outras fórmulas xurídicas que queiran transformarse en empresas de economía social.

Para os efectos destas bases considerarase entidades de economía social as reguladas polas diferentes leis de economía social de cada territorio:

Neste sentido, **en Galicia** está regulada pola Lei **6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia**. Nela defínese como economía social os conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo entidades que perseguen ou ben o interese colectivo das persoas que a integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.



Forman parte da economía social o seguinte conxunto de formas xurídicas:

- As sociedades cooperativas galegas
- As mutualidades
- As fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica
- As sociedades laborais
- A empresas de inserción
- Os centros especiais de emprego
- As confrarías de pescadores
- As sociedades agrarias de transformación
- As comunidades e as mancomunidades de montes veciñais en man común
- As entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e os principios orientadores establecidos na lei de economía social de Galicia, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial

En Portugal o marco regulador da economía social correspóndelle á **Lei de bases de la economía social n.º 68/XII-1.ª (2013)**. Segundo esta, enténdese por economía social o **conxunto das actividades económico-sociais**, libremente levadas a cabo por un catálogo de entidades (artigo 4), entre as que se encontran as seguintes:

- As cooperativas.
- As asociacións mutualistas
- As misericordias
- As fundacións
- As institucións particulares de solidariedade social
- As asociacións con fins altruístas que actúen no ámbito cultural, recreativo, ou deportivo e o desenvolvemento local.
- As entidades recollidas polos subsectores comunitario e autoxestionado, integrados en termos da Constitución no sector cooperativo e social.

Segundo a Lei de bases de la economía social en Portugal, **as actividades deben estar destinadas a perseguir o interese xeral da sociedade**, xa sexa directamente, ou a través da consecución dos intereses do seu persoal membro, usuario ou beneficiario.

Requisitos e compromisos dos proxectos participantes

Os requisitos mínimos de acceso ao programa serán os seguintes:

- A empresa ou o proxecto solicitante deberá asignar, polo menos, unha persoa como representante permanente ao longo de todas as fases do programa. Posteriormente poderá participar unha ou varias persoas adicionais (ata un máximo de tres) que poderán variar en función do tipo de actividades.
- Todas as empresas ou proxectos solicitantes poderán estar legalmente



constituídas no momento de tramitar a solicitude de participación ou ser proxectos de emprendedores cunha idea de negocio que poida reverter na constitución dunha entidade de economía social.

- Todos os membros do equipo promotor deberán ser maiores de idade.
- A aceleradora é compatible con outros programas de aceleración. Non obstante, a persoa representante permanente do proxecto ao longo de todas as fases do programa de aceleración non poderá participar simultaneamente representando o proxecto noutros programas de similares características. Neste sentido, os proxectos participantes deberán asignar unha nova persoa diferente á que teñen asignada noutros programas.

Os compromisos aos que se adhiren as persoas participantes, de forma xeral, serán os seguintes:

- Aceptar e cumprir as bases do programa.
- Garantir que a información facilitada para a súa admisión e as posteriores fases é fidedigna.
- Notificar, no seu caso, os cambios significativos como, por exemplo, a composición do equipo promotor, a entrada de novos socios no capital social, a denominación, as marcas e os logos, así como calquera outra información substancial do proxecto durante a vixencia do programa.
- Manter actualizada a información do proxecto e dos membros do equipo promotor que figure no formulario de inscrición durante a vixencia do programa.
- Asistir obrigatoriamente e participar de forma activa en todas as actividades do programa, polo menos, por parte da persoa que represente de maneira permanente o proxecto en ES CONECTA.
- Colaborar nas diferentes actividades de promoción da aceleradora.
- Garantir a entrega de toda información adicional que se lles poida requirir ao longo da vixencia do programa de aceleración.
- Comprometerse a cumprir o establecido no apartado de tratamento de información e protección de datos persoais.
- En caso de constatare durante o desenvolvemento do programa que os proxectos participantes non cumpren os compromisos asinados, a Secretaría Xeral de Emprego resérvase o dereito a exixir o cumprimento destes e, de non ser así, procederase á exclusión do proxecto do programa ES CONECTA.

Incompatibilidades

Non poderán presentar candidaturas proxectos que estean vinculados aos membros do Comité Técnico do Programa ES CONECTA, ou ao persoal asociado ás entidades colaboradoras no deseño e/ou a execución do programa nesta edición.

Tratamento de información e protección de datos

As empresas ou grupos promotores participantes consenten a utilización dos datos básicos do seu proxecto presentado durante os procesos de avaliación recollidos nestas bases.

Así mesmo, a aceptación destas bases autoriza a Secretaría Xeral de Emprego á utilización do logotipo, nome da empresa ou calquera outro tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado no transcurso do programa, en todas as actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

En cumprimento do establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE (Regulamento (UE) 2016/679), a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de correo, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados polas persoas participantes serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa finalidade de avaliar e valorar as candidaturas presentadas, de xestionar a participación no programa e de difundilo e facer promoción pública del. Non se recollerá, utilizará ou revelará información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que as persoas participantes dean o seu consentimento ou haxa algunha obriga legal.

As persoas participantes dan, por tanto, o seu consentimento para que tanto as imaxes gravadas no transcurso do programa, así como os seus datos persoais, se fagan públicos a través dos medios que se consideren convenientes. Así mesmo, comprométense a dispoñer previamente das autorizacións necesarias segundo a lei no caso de que faciliten datos de terceiras persoas e a exonerar a Secretaría Xeral de Emprego de toda responsabilidade en caso de reclamación por parte dun terceiro.

As persoas participantes poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explica na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. A cancelación dos datos ou a oposición ás citadas cesións entenderase como unha renuncia á participación no programa ES CONECTA.

Comunicacións

Toda a información de acceso público relativa ao desenvolvemento do programa, incluída a relación dos proxectos seleccionados, publicarase na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: www.ceei.xunta.gal, no apartado de Recursos-Iniciativas Calquera outra notificación de tipo individual será comunicada a través do correo electrónico ou número de teléfono co que se efectuou a inscrición no programa, ou naquel que con posterioridade sexa facilitado polo representante permanente da empresa para a devandita finalidade.

Reclamacións

Toda controversia derivada da interpretación ou execución deste documento será resolta directamente polas partes, para cuxo efecto estas se comprometen a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para a solución consensuada das súas controversias. En caso de persistir os desacordos, elevarase a resolución do conflito ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

5 CONVOCATORIA

Inscrición

A solicitude de participación das empresas farase de maneira exclusiva a través do formulario de candidatura dispoñible na sección en liña especificamente deseñada para o efecto na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: www.ceei.xunta.gal, no apartado de Recursos-Iniciativas

O prazo para a inscrición iniciárase desde o día posterior á publicación da convocatoria ata o 23 de xaneiro de 2019.

O formulario estará dispoñible durante a totalidade do prazo de inscrición e só se aceptarán os formularios de candidatura recibidos dentro do devandito prazo. Enviarase un correo electrónico de confirmación a todas as candidaturas que se presentase correctamente en prazo e forma.

En caso de dúbidas sobre o proceso, as persoas interesadas poderán poñerse en contacto coa Secretaría Xeral de Emprego: central telefónica [+34] 981 545 694 ou no enderezo de correo electrónico laces.emprego@xunta.gal.

Contido da candidatura en liña

Para formular unha candidatura deberá presentarse unha memoria co seguinte alcance:

1. Datos da persoa de contacto (teléfono e enderezo de correo electrónico)
2. Persoa/s que participará/n na aceleradora (máximo tres por grupo promotor)
3. Enderezo web do proxecto (se existe)
4. Enderezo do perfil de redes sociais (se existe)
5. Identificación da empresa (en caso de estar constituída)
6. Memoria de candidatura que se deberá anexar:
 - a. Título do proxecto (máximo 20 caracteres)
 - b. Resumo do proxecto (máximo 2000 caracteres)
 - i. En que consiste (definir o produto/servizo)
 - ii. Quen é a potencial clientela
 - iii. Que o fai diferente
 - iv. Quen é a competencia
 - v. Estado do proxecto (está nunha fase de idea, existe un produto/servizo definido, lanzouse ao mercado e foi validado con clientela...)
 - vi. Motivacións dos promotores para constituír un proxecto de economía social

Valoración de candidaturas

Tras a finalización do prazo de recepción de solicitudes, levarase a cabo un proceso de revisión documental das candidaturas e solicitude de correccións, se procede.

Finalizado este proceso seleccionárase un mínimo de **vinte proxectos** que pasarán ao evento de defensa presencial do proxecto **START UP DAY** que determinará os **18 proxectos** participantes que formarán parte da aceleradora.

Como elemento de avaliación complementario para a selección dos vinte proxectos que pasarán ao evento de defensa presencial, celebrarase unha entrevista coa persoa asignada como representante da empresa.

Os criterios específicos que se terán en conta á hora de avaliar as candidaturas serán os seguintes:

- Respecto polos criterios de elixibilidade propostos nas bases.
- Grao de acelerabilidade, entendida como a capacidade para executar o proxecto e desenvolvelo nun prazo inferior a catro meses.
- Grao de innovación e valor do proxecto presentado, entendida a innovación como os elementos diferenciais que recolle o proxecto.
- Grao de relevancia, entendida como a candidatura dun proxecto nun sector de actividade estratéxico para o desenvolvemento de Galicia-Norte de Portugal e que contribúa á dinamización da economía social da Eurorrexión e á creación de emprego.
- Valores sociais que integra o proxecto e o seu impacto na comunidade.
- Grao de fortaleza do equipo promotor, entendido como a capacidade do equipo humano para acometer a execución do proxecto.
 - Traballo en equipo
 - Liderado
 - Comunicación
 - Capacidade de negociación
 - Creatividade

As candidaturas serán avaliadas por un comité técnico do programa.

Selección de participantes

O número máximo de proxectos admitidos será de 18.

Publicarase a listaxe dos proxectos admitidos por orde alfabética. A información destes manexarase de forma confidencial para non prexudicar os seus intereses.

Os proxectos que non resulten seleccionados recibirán información sobre as razóns polas que non foron elixidos e sobre outras accións do proxecto LACES que se poidan adaptar ás súas características.

Duración do programa

A aceleradora ES CONECTA terá unha duración de catro meses.

Localización

A aceleradora terá a súa sede permanente na cidade de Vigo. Será nesta sede onde terán lugar as actividades proxectadas na aceleradora ES CONECTA.

O emprazamento exacto (endereço) de ES CONECTA en Vigo publicárase na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: www.ceei.xunta.gal, no apartado de Recursos-Iniciativas. Así mesmo, informarase aos proxectos seleccionados da forma que se especifica no apartado sobre comunicacións das bases.